

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A SOCIEDADE ONCOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPREHENSIVE CANCER CENTRE GALICIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita Consellería, actuando en nome e representación deste último, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Da outra, Begoña Graña Suárez, en calidade de presidenta da Sociedade Oncolóxica de Galicia («SOG»), asociación científica de dereito privado, con número de rexistro 2018/022092-1ª e domicilio social na Rúa de San Pedro de Mezonzo, 41, Santiago de Compostela (15701), actuando en nome e representación desta entidade conforme aos seus Estatutos.

As Partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir en nome das súas respectivas entidades o presente Convenio marco, e ao efecto

EXPOÑEN

Primeiro. – Que o Servizo Galego de Saúde ten como un dos seus obxectivos estratéxicos a excelencia na atención oncolóxica integral aos cidadáns de Galicia, no marco do cal promoveu a creación do Centro de Coidado Integral do Cancro de Galicia («CCC Galicia»), concibido como un sistema integrado multinodal cunha gobernanza única que articula os recursos asistenciais das sete áreas sanitarias do sistema

sanitario público galego, con catorce hospitais, tres institutos de investigación biomédica e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), traballando en rede.

Segundo. – Que o Servizo Galego de Saúde decidiu participar no proceso de acreditación de *Comprehensive Cancer Centres* no marco da acción conxunta *EUnetCCC* (*European Network of Comprehensive Cancer Centres*), financiada pola Unión Europea, que constitúe un dos puntos clave do *Europe's Beating Cancer Plan* (Plan Europeo contra o Cancro). Este proceso rematará en 2028 e abarca un conxunto harmonizado de criterios e estándares de calidade en sete dimensións: Gobernanza, Coidado, Investigación, Integración de Asistencia e Investigación, Innovación, Prevención e Educación e Formación.

Terceiro. – Que a Sociedade Oncolóxica de Galicia é a sociedade científica de referencia na oncoloxía de Galicia, agrupa a profesionais das disciplinas implicadas na atención integral ao paciente con cancro, e conta con ampla experiencia en actividades de formación continuada, elaboración de guías e protocolos clínicos, e fomento da investigación oncolóxica no ámbito galego.

Cuarto. – Que a SOG propuxo formalmente ao Servizo Galego de Saúde o seu interese en colaborar activamente no proxecto CCC Galicia, co fin de sumar a súa capacidade científica, a súa rede profesional e a súa representatividade na comunidade oncolóxica ao impulso do desenvolvemento do CCC Galicia e a obtención da súa certificación, en beneficio dos pacientes galegos con cancro.

En virtude do anterior, ambas as Partes subscriben o presente Convenio marco de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto establecer o marco xeral de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a SOG para o impulso do Centro de Coidado Integral do



Cancro de Galicia («CCC Galicia»), e a súa participación no proceso de acreditación europea como *Comprehensive Cancer Centre* no marco da acción conxunta *EUnetCCC*.

SEGUNDA. Ámbito e liñas de actuación

A colaboración entre as Partes articúlase nas seguintes liñas estratéxicas de actuación, que deben levarse a cabo antes de xuño de 2028 co obxectivo de poder conseguir a acreditación no prazo previsto da Acción Conxunta EUnetCCC.

Estas liñas estratéxicas están directamente relacionadas coas sete dimensións de EUnetCCC:

1. Liña estratéxica de Gobernanza, para fortalecer un modelo de gobernanza eficaz, transparente e participativo que garanta a toma de decisións estratéxicas e a coordinación do centro.

2. Liña estratéxica de ordenación do Coidado, para proporcionar unha atención oncolóxica integral, personalizada e centrada no paciente, baseada na excelencia clínica a través de Comités multidisciplinares de tumores e procesos asistenciais comúns que garantan unha atención equitativa a toda a cidadanía.

3. Liña estratéxica de Investigación, dirixida a impulsar a investigación traslacional e clínica de calidade, orientada a xerar coñecemento e mellorar os resultados en saúde dos pacientes oncolóxicos.

4. Liña estratéxica para a Integración da Investigación e o Coidado, cuxo obxectivo é favorecer a integración efectiva entre a investigación e a práctica asistencial, facilitando a rápida transferencia do coñecemento á atención clínica.

5. Liña estratéxica de Formación e Educación, orientada ao desenvolvemento de programas estruturados de formación continua e innovación docente que reforcen as competencias profesionais e a excelencia do coñecemento, así como á implementación de iniciativas de educación sanitaria dirixidas a pacientes, familias e cidadanía, co obxectivo de favorecer o seu empoderamento, alfabetización en saúde e participación activa en procesos de toma de decisións compartidas.



6. Liña estratéxica de Prevención, dirixida a promover estratexias de prevención, detección precoz e promoción da saúde que contribúan a reducir a incidencia e o impacto do cancro.

7. Liña estratéxica de Innovación, coa que se pretende fomentar a innovación organizativa, tecnolóxica e asistencial para mellorar a eficiencia, a calidade e os resultados na atención oncolóxica.

TERCEIRA. Compromisos das Partes

1. O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- a) Recoñecer formalmente á SOG como socio científico do CCC Galicia e incorporala, na forma que se determine nos acordos específicos de desenvolvemento, aos órganos consultivos do proxecto.
- b) Facilitar á SOG a información necesaria sobre a estrutura, organización e funcionamento do CCC Galicia, para que a dita Sociedade poida contribuír eficazmente ao proceso de acreditación *EUnetCCC*.
- c) Promover que os profesionais sanitarios do sistema público galego participen nas actividades formativas, grupos de traballo e redes científicas que organice ou coordine a SOG no marco do presente Convenio marco.
- d) Colaborar coa SOG nas actividades de difusión interna e externa que se organicen para comunicar os avances no proceso de certificación do CCC Galicia como *Comprehensive Cancer Centre*.

2. A SOG asume os seguintes compromisos:

- a) Participar activamente nas iniciativas do CCC Galicia relacionadas co seu obxecto social, achegando o coñecemento científico e a representatividade profesional dos seus asociados.
- b) Achegar a perspectiva científica dos profesionais de oncoloxía nos órganos consultivos, de seguimento, grupos de traballo e demais estruturas de colaboración nas que participe no marco do CCC Galicia.



- c) Colaborar na elaboración, revisión e difusión de protocolos, guías clínicas e vías asistenciais oncolóxicas, conforme á evidencia científica dispoñible.
- d) Apoiar o deseño e a realización de programas de formación continuada para os profesionais e cidadáns, en coordinación co Servizo Galego de Saúde e ACIS.
- e) Facilitar a creación e articulación de grupos de traballo científico multidisciplinares que conecten a investigación promovida pola SOG coa práctica clínica dos centros do Servizo Galego de Saúde.
- f) Fomentar e propoñer a participación dos seus asociados nos grupos de traballo para a elaboración e actualización das vías clínicas dos procesos oncolóxicos.

CUARTA. Comisión de Seguimento

Co fin de impulsar, coordinar e supervisar o desenvolvemento do presente Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento.

1. Composición:

Por parte do Servizo Galego de Saúde:

- Tres representantes designados polo Servizo Galego de Saúde, actuando un deles como Presidente/a e os outros dous como vogais.
- Un/ha traballador/a do Servizo Galego de Saúde, que actuará como Secretario/a, con voz pero sen voto.

Por parte da SOG:

- Tres representantes designados pola SOG, que actuarán como vogais.

2. Funcións:

- a) Impulsar e identificar as iniciativas e proxectos que se propoñan no marco do presente Convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e avance do Convenio marco, mediante indicadores acordados.
- c) Propor os acordos específicos de desenvolvemento do presente Convenio marco.
- d) Establecer os criterios de avaliación do impacto das actuacións desenvolvidas sobre o proceso de acreditación *EUnetCCC*.
- e) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución do Convenio marco.



A Comisión reunirase cunha periodicidade mínima semestral, previa convocatoria da presidencia da mesma, e sempre que o inste calquera das Partes cunha antelación mínima de quince (15) días. As reunións poderán celebrarse de forma presencial, por videoconferencia ou mediante calquera sistema análogo que garanta a comunicación en tempo real entre os membros, e polo tanto a unidade de acto.

QUINTA. Acordos específicos de desenvolvemento

Para a materialización das actividades e proxectos concretos previstos na cláusula segunda, as Partes poderán subscribir acordos específicos de desenvolvemento do presente Convenio marco, que deberán recoller como mínimo os seguintes aspectos:

- a) Obxecto, plan de traballo e aspectos técnicos das actividades ou proxectos, e colectivos destinatarios.
- b) Compromisos económicos e contribución de cada Parte, con indicación do orzamento cando proceda.
- c) Cronograma e fitos de execución.
- d) Indicadores de resultados e impacto.
- e) Aspectos xurídicos, vixencia e causas específicas de resolución.

Quedan excluídas dos ditos acordos específicos as materias ou prestacións susceptibles de contratación administrativa, que se rexerán en todo caso pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTA. Réxime económico

A colaboración establecida no presente Convenio marco non xera, por si soa, obrigação económica ningunha entre as Partes. As contribucións económicas de cada Parte ás actividades e proxectos concretos determinaranse, no seu caso, nos correspondentes acordos específicos de desenvolvemento.



SÉTIMA. Propiedade intelectual e titularidade de resultados

Os resultados, informes, protocolos e demais producións intelectuais que se xeren no marco dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do presente Convenio pertencerán, con carácter xeral, á Parte ou Partes que os elaboraron, nos termos que se establezan en cada acordo específico e de conformidade co Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, e demais normativa aplicable.

As Partes poderán acordar nos acordos específicos a titularidade compartida daqueles resultados desenvolvidos conxuntamente, así como as condicións de explotación e difusión dos mesmos.

No que atinxe á difusión científica, os materiais e resultados do proxecto poderán ser publicados en revistas científicas ou presentados en congresos, previo acordo da Comisión de Seguimento respecto á autoría, o contido e o alcance da publicación ou comunicación.

OITAVA. Confidencialidade e protección de datos

As Partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto a toda a información de carácter reservado que, no marco da execución do presente Convenio, sexa posta á disposición da outra Parte ou da que teñan coñecemento con ocasión do mesmo, e a non utilizala para fins distintos dos previstos no Convenio.

A obrigaón de confidencialidade permanecerá vixente durante toda a vixencia do Convenio e subsistirá durante os cinco (5) anos seguintes á súa extinción, salvo que a información sexa de dominio público ou fose coñecida lexitimamente por fonte distinta.

Ambas as Partes comprométense ao cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais («RXPDP»), así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa de aplicación.



Os responsables do tratamento dos datos persoais derivados da execución do presente Convenio serán, no seu respectivo ámbito, o Servizo Galego de Saúde e a SOG. Os datos persoais proporcionados serán tratados coa exclusiva finalidade da xestión das relacións establecidas no Convenio e non serán cedidos a terceiros salvo obrigação legal.

NOVENA. Transparencia, publicidade e bo goberno

A sinatura do presente Convenio levará implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia conforme á normativa vixente.

DÉCIMA. Natureza xurídica

O presente instrumento ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación de contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Réxese polo previsto no seu clausulado, así como polo establecido para os convenios de colaboración na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na normativa autonómica galega de aplicación.

UNDÉCIMA. Vixencia e prórroga

O presente Convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura electrónica pola última das Partes e terá unha vixencia de dous (2) anos. Ao termo do dito prazo, poderá prorrogarse por períodos anuais, previo acordo expreso das Partes, plasmado por escrito, de conformidade co previsto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e sen que a duración total, incluídas as prórrogas, poida exceder de seis (6) anos.



DUODÉCIMA. Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse polas causas recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e en particular polas seguintes:

- a) O mutuo acordo das Partes, expresado por escrito.
- b) O incumprimento das obrigacións asumidas por calquera das Partes, nos termos previstos neste Convenio.
- c) A imposibilidade sobrevida, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
- d) A vulneración das obrigacións de confidencialidade ou de protección de datos de carácter persoal.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, no que lle sexa aplicable. A resolución anticipada implicará a liquidación das actuacións en curso, que se determinará pola Comisión de Seguimento, respectándose en todo caso as obrigacións económicas xa devengadas e os compromisos de confidencialidade asumidos.

DÉCIMOTERCEIRA. Xurisdición

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable, no seo da Comisión de Seguimento, calquera discrepancia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente Convenio. No caso de non alcanzarse un acordo, as cuestións litixiosas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade con canto antecede, as Partes asinan o presente Convenio de Colaboración, de maneira electrónica e a un só efecto

Polo Servizo Galego de Saúde,

Pola Sociedade Oncolóxica de Galicia,

Antonio Gómez Caamaño

Begoña Graña Suárez

